

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 09-09-2025, ditou a resolución con número 2560/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Contrato administrativo de "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CARBALLO" (SER 03/2022). Servizos mínimos durante a folga convocada para os días 10 e 11 e 24 e 25 de setembro de 2025.

Primeiro.- Con data 09/09/2025 preséntase no Rexistro do Concello de Carballo (R. E. númer. 202500000004990), escrito asinado por Adolfo Martín Naya Fernández, en calidade de secretario de negociación colectiva da Federación CIG Servizos, no que fai constar que convócase folga para os días 10 e 11 e 24 e 25 de setembro de 2025 dende as 00:00 horas atas 23:59 horas dos días convocados, una folga que afectará a todas as persoas traballadoras dispostas nos servizos de axuda no fogar de Galicia.

Segundo.- Con data 09/09/2025 emítense informe por Ana Hoyuelos Bolón, Xefa dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Carballo, no que propón que os servizos mínimos se establezan atendendo á situación e circunstancias das persoas usuarias do SAF, especialmente a súa vulnerabilidade. Para a cobertura mínima durante a folga, deberán priorizarse as funcións directamente relacionadas coa atención persoal nas actividades básicas da vida diaria, de acordo co recollido no artigo 23.a) da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Consideracións xurídicas.-

I. A Constitución Española recoñece no artigo 28.2 o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, disponiendo que a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade, do que se deduce que o dereito de folga non é absoluto e incondicional, estando suxeito a limitacións en función do ben común e do respecto ao dereito dos demás e así a Constitución permite que, por medio dunha lei, se establezan en caso de folga as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Ao non terse producido o desenvolvemento legal esixido polo artigo da Constitución antes citado, resulta de aplicación o dispuesto no artigo 10.2 do Real Decreto Lei 17/1977, do 4 de marzo, segundo o que “cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran as circunstancias de especial gravidade, a Autoridade gobernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos”

No eido local, enténdese por autoridade gobernativa os Alcaldes respecto dos servizos municipais (sentenza do TS do 10 de maio de 1986). Segundo a sentenza do TC do 5 de maio de 1986, entre outras, é posible delegar na dirección da empresa a designación dos concretos traballadores pero non a fixación dos servizos mínimos.

En todo caso, os decretos haberán de estar motivados e deberán ser comunicados aos representantes dos traballadores, previa á súa aplicación (sentenza do TC do 24 de abril de 1986), esgotanxe nunha soa folga e non son de duración indefinida.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/C004/000001

Exp. 2025/G003/002677

II. O Servizo de Axuda no Fogar está considerado como un servizo esencial para a comunidade dado que facilita o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria a aquelas persoas con limitacións de autonomía persoal, fomentando a súa permanencia no entorno, evitando situacións de desarraigo.

Por iso o Concello de Carballo deberá garantir os servizos esenciais durante a folga do día 13 de agosto, mediante a fixación de servizos mínimos.

O Servizo de Axuda no Fogar é de titularidade pública, e a súa organización é competencia das Corporacións Locais de Galicia, que poden xestonalo de forma directa ou indirecta ao amparo da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG), nas que a prestación dos servizos sociais se inclúe dentro das competencias propias dos municipios, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma. A Lei 13/2008 establece tamén nos artigos 18 e 20 que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo esencial dentro do catálogo de prestacións dos servizos sociais, resultando primordial definir uns servizos mínimos ante unha folga indefinida, que permitan equilibrar o exercicio do dereito de folga coa protección dos dereitos legalmente recoñecidos das persoas usuarias.

III. Resulta preciso que se estableza un xusto equilibrio entre o exercicio do dereito de folga e a protección doutros bens e dereitos constitucionalmente protexidos, entre os que se atopa o dereito á protección da saúde e a obrigación que teñen os poderes públicos de promover o benestar das persoas con discapacidade, maiores e menores mediante un sistema de servizos sociais, tal como establecérese, respectivamente, nos artigos 43, 49 e 50 da Constitución española e dentro do ámbito competencial recoñecido aos Concellos sobre os servizos comunitarios básicos e a xestión do servizo de axuda no fogar por parte dos artigos 10 e 11 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

Na determinación dos servizos mínimos debe manexarse un criterio restritivo acorde cos pronunciamentos xurisprudenciais sobre a interpretación que debe darse á limitación do dereito á folga en relación co dereito á saúde e á vida, cumplindo, en consecuencia, co principio de razoable proporcionalidade entre os sacrificios que han de padecer as persoas usuarias ou destinatarias dos devanditos servizos esenciais e os que se impoñen aos folguistas, de tal maneira que a perturbación do interese das persoas usuarias pola folga debe ser só ata extremos razonables.

Á vista do anterior, e de acordo coas atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro: Servizos mínimos.

Os servizos mínimos realizaranse atendendo ás circunstancias das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, especialmente a súa vulnerabilidade, entendendo que para a cobertura mínima de atención dunha situación de folga habería que priorizar as funcións que se desenvolven para que quede garantida a cobertura dos servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria de acordo co recollido no artigo 23 a. da lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Determinar que os servizos mínimos respecto ao persoal que presta o servizo de axuda no fogar durante a folga convocada son os seguintes:

Servizos específicos garantidos:

1. **Realizaranse os servizos de almorzo, comida e cea.** A realización destes servizos estará condicionada a que na súa preparación se empregue o menor tempo, debendo recorrer, na medida do posible, a alimentos precocinados ou de previa preparación.
2. Realizaranse os servizos de hixiene persoal diaria, uso de WC, no seu caso, eliminación

vesical e intestinal, de axuda para erguerse e deitarse, para vestirse, de supervisión de toma de medicación e de alimentos.

Segundo: Cadro de efectivos mínimos.

2.1. Dotación xeral:

- 40% da xornada ordinaria . As persoas usuarias do servizo o día da citada folga, serán 83 grandes dependentes, ademáis de outras persoas usuarias que non estando valoradas como grao 3, precisan os servizos por necesidades básicas da vida diaria.
- Podendo ampliarse ata o 50% da xornada en casos xustificados:
- Cando existan persoas usuarias con necesidades especiais de atención persoal que requiran asistencia continua para actividades básicas da vida diaria

2.2. Situacións de emergencia social ou sanitaria que requiran atención inmediata. A fixación deste cadro de efectivos (40-50%) atende aos seguintes criterios técnicos:

- 1. Garantía da prestación esencial: Asegurar a cobertura das necesidades básicas de supervivencia e saúde das persoas usuarias
- 2. Proporcionalidade: Manter o equilibrio entre o dereito á folga e a protección de persoas vulnerables
- 3. Eficiencia organizativa: Optimizar recursos sen comprometer a calidade do servizo esencial
- 4. Criterio xurisprudencial: Seguir os parámetros establecidos polo TSXG en resolucións anteriores sobre servizos mínimos.

2.3. Principios reitores

A aplicación destes servizos mínimos rexerase polos seguintes principios:

1. Proporcionalidade: só se cubrirán as atencións imprescindibles para garantir vida, saúde e integridade das persoas dependentes.
2. Non menoscabo do dereito á folga: a prestación destes servizos mínimos non poderá interpretarse como renuncia ao dereito de folga nin empregarse para sancionar, discriminar ou menoscabar condicións laborais do persoal.
3. Transparencia e motivación: a designación do persoal realizarase con criterios obxectivos, evitando represalias polo exercicio da folga.

Terceiro: Autorizar que algúns dos horarios se poidan modificar para poder organizar os servizos mínimos e poder realizar unha prestación axeitada do servizo.

Cuarto: Corresponde á empresa, coa participación do comité de folga, a facultade de designar as persoas traballadoras que deban efectuar os servizos mínimos, velar polo cumprimento dos mesmos e a organización do traballo correspondente a cada unha delas.

O disposto non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñécelle ao persoal nesta situación nin tampouco sobre a tramitación e os efectos das peticións que a motiven.

Quinto: Dar traslado da presente Resolución á empresa que presta o servizo de axuda no fogar no Concello de Carballo (FEPAS) que deberá velar pola súa observancia designando ao persoal necesario para prestar os servizos mínimos que se establecen.

Sexto: Trasladar a presente resolución ao sindicato convocante da citada folga (CIG) e notificar a presente resolución a entidade FEPAS.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/C004/000001

Exp. 2025/G003/002677

O presente decreto producirá efectos dende as 00:00 horas do día 10 de setembro ata ás 23:59 do día 11 de setembro de 2025 e dende as 00:00 horas do día 24 de setembro ata ás 23:59 do día 25 de setembro de 2025, e publicarase no Taboleiro de Anuncios Electrónico municipal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria Accidental

Carmen del Río Rodríguez

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario accidental

Carmen del Río Rodríguez